



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gonzalo Constenla Bergueiro
(Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural)

VOCALIS

Dña. M^a Jesús Novoa Suárez
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta, exercendo amáis as funcións de secretario)

D. Víctor Abelleira Argibay
(Avogado polo colexio da provincia)

D. Jesús de la Fuente Villar
(Xefe do Servizo de M.I.F)

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vinte e catro de abril do dous mil oito, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 4^a planta do edificio sito no n^o 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre o recurso de reposición interposto pola CMVMC de Cabral, do concello de Vigo, contra Resolución adoptada polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra en data 26/10/06

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- En data 27/03/05 D. Luis Rodríguez Pérez, presidente da CMVMC de Cabral, en Vigo, presenta perante o Xurado Provincial de Montes solicitude instando a clasificación do monte nomeado “Ameal” coma veciñal en man común a favor da devandita comunidade

SEGUNDO.- Na reunión celebrada polo Xurado en data 26/10/06 acordouse “*non clasificar como veciñal en man común o monte denominado “Ameal”*”.

TERCEIRO.- Contra dita resolución D. Luis Rodríguez Pérez, na súa calidade de presidente da CMVMC de Cabral, formula recurso de reposición contra a devandita resolución.

CUARTO.- Con data 04/02/08, é remitido por parte do Servizo de Montes e I.F., informe complementario, solicitado polo Xurado, no que se indica entre outros extremos o tipo de arbolado existente, así como os aproveitamentos observados



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para resolver os recursos de reposición contra das súas resolucións de conformidade co artigo 116 da Lei 30/1992.

Segundo.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por cumprir cos requisitos esixidos polo art. 117.1 da precitada Lei.

Terceiro.- Do análise do recurso interposto pola CMVMC de Cabral, así como o informe complementario do Servizo de Montes e Industrias Forestais, despréndese que parte do monte solicitado, concretamente as parcelas B e C, teñen as características necesarias para ser declarado monte veciñal

En consecuencia, vistos os preceptos legais citados e demais normativa de xeral e pertinente aplicación, o Xurado de Montes de Pontevedra, ACORDA:

Estimar o recurso de reposición interposto pola CMVMC de Cabral, do concello de Vigo, contra resolución do Xurado de data 26/10/06, de acordo coas superficies e lindeiros seguintes e o plano elaborado ao efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais, que forma parte inseparable da presente resolución:

CONCELLO: VIGO

PARROQUIA: CABRAL

NOME DO MONTE: "Ameal – Parcela B"

Cabida: 1251 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Camiño da Chamuscada

Sur: Parcela C e predios particulares de Delmiro Alvarez Alvarez

Leste: Camiño da Chamuscada

Oeste: Camiño Sanín

NOME DO MONTE: "Ameal – Parcela C"

Cabida: 3200 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Parcela B e predios particulares de Delmiro Alvarez Alvarez

Sur: Camiño da Chamuscada


Leste: Camiño da Chamuscada

Oeste: Predios particulares de Ramón Carrera Lago, Manuel Vila Hermida e Herdeiros de Francisco Carrera



Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 a) e 116.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.





DATA : SET.-2008	TRABALLO : PLANO DE CLASIFICACIÓN	
ESCALA : 1/1.000	CONCELLO : VIGO	PARROQUIA : CABRAL
	COMUNIDADE : CABRAL	MONTE : AMEAL
Nº DA FOLLA : 223-56	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL SERVICIO DE MONTES-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA	

OBSERVACIONS :
Os datos que aparecen reflectidos neste plano
foron aportados polo Xurado de Montes